


A ledicia de ler

A Asociación de Escritores

HAI xa un ano que desde estas mesmas páxinas empezamos a falar da necesidade de crear unha Asociación de Escritores Galegos, tema ao que lle dedicamos non menos de tres artigos. Este, que fai o número catro, vai tratar dun proxecto xa en marcha, que recentemente botaron a andar un grupo de escritores mozos e que cristalizou nun pequeno xerme de tipo organizativo. A benevolencia duns cantos amigos decidíu, na miña ausencia, incorporarme ás tarefas da agrupación en calidade de directivo, cousa que agradezo, anque tamén confeso por adiantado a miña falta absoluta de dotes xerenciais e, o que resulta aínda peor, a miña escasa capacidade de entusiasmo diante dos procedementos assemblearios. Non quero, non obstante, cumprir aquí o papel de augafestas. Con todo, non renuncio a decir algunhas cousas.

En principio quero insistir en que desconfío sem-



pre da inflación ideolóxica que acompaña a casi todas as nosas manifestacións culturais. Considéroa expresión de inmadurez, nuns casos, e de oportunismo partidista, en outros. E casi sempre acaba por convertirse nun atranco esterilizante, negando así de feito o papel clarificador e dinámico que lle corresponde ás ideoloxías na vida política. Por suposto que non falo da des-ideoloxización, por outra parte imposible, da Asociación de Escritores, senón da necesidade de evitar que ésta se convirta nunha especie de parlamento ou caixa de resonancia das distintas opcións, necesariamente plurales e diversas, dos seus membros.

Unha entidade deste tipo, ten en Galicia moitas cousas concretas que facer, sobre as que non ha de ser difícil poñer de acordo á maior parte dos nosos escritores. Todos coincidimos, con pequenas lixeirezas de matiz, na necesidade de dignificar o noso papel na sociedade, de promocionar e extender a nosa cultura, de fomentar a lectura en galego, de crear bibliotecas infantís ou de manter relacións con colegas de outras áreas lingüísticas. Habería, en cambio, importantes diferencias entre nós se nos puxéramos a deseñar un proxecto político para o noso país, papel que non nos corresponde en canto escritores, por moito que non podamos desentender del en canto cidadáns. Como escritores, temos a Asociación; como cidadáns contamos cos partidos políticos e outras organizacións semellantes.

Para empezar confeso a miña alegría ao ver cómo se resolveu o problema dos requisitos para entrar a formar parte desta nova entidade. Defender sin complexos que a norma debe consistir e considerar escritor a aquel que ten obra publicada e que sóo excepcionalmente se lle debe otorgar tal recoñecemento a quen teña a súa produción inédita, paréceme un acerto. O contrario sería caer no chantaxe do terrorismo moral, que tan sabiamente manipulan uns poucos amparándose na cobardía, na mala conciencia ou na inxenuidade de moitos. Superar este primeiro obstáculo, moito mais importante do que a primeira vista, poidera parecer, ergue unha miga a nosa maltratada esperanza.

Carlos Casares